



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación das bases que rexerán a contratación de dous socorristas por un periodo de 3 meses como persoal laboral temporal na modalidade contractual de mellora da empregabilidade e de inserción laboral.

Vista a necesidade de contratación de dous socorristas para poder abrir a piscina municipal que ten o Concello de Toques durante a tempada de verán ;

Vistas as bases do Programa de Subvencións de socorrismo dirixido a Concellos do interior da provincia da Coruña para o ano 2023 da Deputación da Coruña e que financian de maneira parcial as citadas contratacións;

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as bases que constan no expediente electrónico para proceder á selección e contratación de dous socorristas para a piscina municipal de Toques por un periodo de 3 meses.

SEGUNDO.- Publicar as bases para proceder á selección e contratación de dous socorristas para a piscina municipal de Toques na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>), e no taboleiro de anuncios sito na Casa Consistorial.

Asimesmo, presentar oferta de traballo na oficina de Emprego de Melide aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dispoñer que o prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partires do día seguinte ó da publicación das bases na sede electrónica do Concello.

CUARTO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Toques, o asina o Sr, Alcalde en funcións ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe.